<p>Valoración: B</p> <p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>A coordinación, a Comisión Académica e a Comisión de Calidade non considerou necesaria a modificación nin dos obxectivos nin das competencias xerais xa que só se implantaron dous cursos e seguen sendo axeitados para o plano formativo e manteñen o carácter de formación xeral.</p> <p>As competencias, xa que non se variaron, seguen cumprindo o establecido no RD 1393/2007.</p> <p>Os coordinadores comprobaron que todas as competencias xerais e específicas do título foron tratadas nas materias do programa formativo.</p> <p>ENQUISAS</p> <p>Consideramos que o grao de cumprimento dos obxectivos e as competencias é suficiente, tendo en conta que a titulación aínda non está totalmente implantada, polo que non se acadaron todos os obxectivos. En xeral, os obxectivos específicos e transversais vanse desenvolvendo nas materias impartidas, como indica a revisión das guías docentes elaboradas até o de agora. O mesmo sucede coas competencias: todas as competencias específicas do grao, así como as transversais, están traballadas como mínimo nunha materia e sempre de acordo coas estipulacións da memoria de verificación do título.</p> <p>Non obstante, obsérvase que nalgunhas materias os resultados académicos non son enteiramente satisfactorios (alto índice de alumnado que non supera a materia) polo que se está levando a cabo unha reflexión por parte do profesorado, coordinadora e Comisión de Calidade, que conducirá ás modificacións necesarias para a súa mellora.</p> <p>Canto ás evidencias documentais manexadas, as enquisas de alumnado e profesorado non se poden considerar, como xa dixemos, como representativas, xa que a participación é moi baixa, especialmente no primeiro ano de implantación (0% do profesorado e 9% do alumnado no curso 2009-2010; 45’83% do profesorado e 16’67 % do alumnado no curso 2010-2011). Esta é unha cuestión que require mellorar, aínda que neste segundo curso de implantación, houbo un aumento significativo da participación do profesorado e un aumento algo menor do alumnado.</p> <p>Si se conta con evidencias procedentes dos informes elaborados polas titoras/es do Plano de Acción Titorial (PAT), así como das enquisas de avaliación docente do profesorado. En ambos os dous casos, a valoración do alumnado é positiva en termos xerais, en relación ao cumprimento das expectativas que</p>							

tiñan cando se matricularon na titulación e a satisfacción coa docencia. Non obstante, tamén se observan algúns aspectos susceptibles de mellora que se recollen nos epígrafes inferiores.

O alumnado mellora moito a súa percepción dos obxectivos do título dun ano a outro (2.50//4.05) e tamén a que teñen das guías docentes en relación cos obxectivos do título (1.75//3.50). Isto débese a unha mellora no proceso de revisión e actualización das guías docentes.

O profesorado di estar satisfeito cos obxectivos xerais do título (3.83).

BOAS PRÁCTICAS:

Existe un protocolo elaborado pola Comisión de Calidade e aprobado pola Xunta de Centro para a revisión das guías docentes, que inclúe a revisión e validación por parte da coordinadora da titulación, o visto e prace do Departamento que ten asignada a docencia da materia e a aprobación final en Xunta de Facultade. A coordinadora da titulación revisa todas as guías docentes para comprobar que se axeitan aos obxectivos e que recollen as competencias establecidas na memoria de verificación do título.

Hai coordinación tanto horizontal (entre o profesorado dunha mesma materia) coma vertical (entre o profesorado e a coordinadora da titulación) para asegurar o cumprimento axeitado dos obxectivos e competencias. Neste segundo ano, ademais, os departamentos nomearon coordinadoras/es de materia para concretar máis este labor de coordinación.

Nas enquisas realizadas ao profesorado e ao alumnado, existe un apartado sobre obxectivos e competencias (indicadores 78 e 74 respectivamente).

Existe un Plano de Acción Titorial de carácter voluntario para o alumnado, no marco do cal o alumnado se reúne varias veces ao ano coas titoras/es para recibir orientación académica. As titoras/es elaboran informes sobre as cuestións que se suscitan nas xuntanzas periódicas.

Existencia de procedementos documentados no MSGIC:

-Revisión e mellora das titulacións da Facultade de Filoloxía e Tradución: PC02

PROPOSTAS DE MELLORA:

Conseguir unha maior participación tanto do alumnado coma do profesorado nas enquisas de satisfacción, por exemplo facilitando que se cubran durante o horario lectivo. Tamén se debe facilitar o acceso á plataforma virtual das enquisas ao alumnado Erasmus.

Revisar en profundidade os obxectivos, metodoloxías e sistema de avaliación das materias que teñen un índice alto de alumnado que non supera a materia, ben por suspender, ben por abandonar.

Concienciar o alumnado para que acudan con máis frecuencia ás titorías personalizadas, xa que é a través destas como aquel coñece en detalle que competencias vai adquirindo no seu proceso de aprendizaxe.

Conseguir unha maior participación do alumnado nas reunións do PAT, o cal pode requirir reconsiderar o sistema de funcionamento, reducindo o número de xuntanzas, elaborando cuestionarios de seguimento, etc. As modificacións aprobadas pola Xunta de centro en xullo de 2011 van nesta liña.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Cómpre corrixir un erro na memoria de verificación: eliminar a competencia de titulación número 2 na ficha da materia “Historia do 1º idioma estranxeiro”.	A competencia de titulación número 2 non fai referencia aos estudos lingüísticos senón exclusivamente aos literarios e culturais: “Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz”.

Criterio 4: Acceso e admisión de estudantes

Valorarase o criterio de “Acceso e admisión de estudantes” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de “Política e procedementos de admisión” do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Valoración: A

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Consideramos que o grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio. Nos dous anos de implantación con que conta o grao, a matrícula superou as expectativas e foi superior ás 40 prazas de novo ingreso previstas. Para o terceiro curso, a data de 21 de xullo, o número de persoas matriculadas é xa de 43. Isto lévanos a pensar que as estratexias de promoción do grao e captación de alumnado son correctas.

As datas das probas de acceso á universidade de setembro interfíren negativamente co desenvolvemento da docencia de 1º curso, dado que o alumnado que as realiza tarda varias semanas en incorporarse ás aulas, coas conseguíntes dificultades para adaptarse aos requisitos da avaliación continua. Por esta razón, máis abaixo facemos unha proposta de mellora consistente na sincronización dos calendarios da selectividade e da universidade.

Desde a implantación do grao realízanse varias actividades como: a) xornadas de orientación ao alumnado de novo ingreso, nas que interveñen as coordinadoras de grao, os titores de PAT e varios membros do equipo decanal, os servizos de relacións internacionais, deportes e biblioteca. b) Todos os anos organízase unha xornada de orientación na que se recibe os coordinadores de ensino medio, c) realízanse visitas a institutos para explicar a titulación. d) e editouse en papel un folleto sobre o grao no que constan: saídas laborais, planificación docente do grao, sistema de acceso, requisitos, etc. Existe en versión electrónica outro folleto dispoñible en: <http://www.quequeresserdemaior.uvigo.es/Universidade.html>

As vías e requisitos de acceso ao título e tamén ao perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil acceso na memoria do título.

Existen tamén mecanismos axeitados e accesibles de información previa a matriculación e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso e tamén para os estudantes unha vez matriculados.

As condicións de matriculación, o perfil de ingreso e programa formativo do título está accesible na páxina web da universidade (http://uvigo.es/uvigo_gl/estudos/), na páxina web do título e na páxina web da Facultade (<http://webs.uvigo.es/centros/fft/>).

O título axéitase, no que atinxe a requisitos de acceso e admisión, ó establecido no RD 861/2010.

O recoñecemento de créditos por estudos previos está publico na memoria (www. uvigo.es/uvigo_gl/estudos/

O alumnado mostra, tanto en 2009 coma en 2010, un nivel de satisfacción medio con respecto ós procedementos de admisión (3.38//4.50), aínda que a mellora dun ano a outro é significativa. Non é satisfactoria a percepción que teñen sobre as accións de orientación (2.50//2.75). Entendemos que se está valorando tanto as accións de acollida coma o PAT e, polo tanto, consideramos que a baixa puntuación obtida non está plenamente xustificada, sobre todo no ano 2010. Este ano houbo varias accións de orientación na primeira semana do curso que foron seguidas por todo o alumnado; tamén continuou o PAT que, malia necesitar reformas, aprobadas en xullo de 2011, garantiu suficientemente un seguimento do alumnado ó longo do curso.

BOAS PRÁCTICAS:

Ademais da difusión xeral que fai a Universidade de Vigo das súas titulacións, a Facultade de Filoloxía e Tradución leva a cabo a súa propia difusión dos títulos impartidos no centro, a través de folletos informativos, visitas a centros educativos de ensino medio, xornadas de portas abertas, páxina web, etc.

Na primeira semana do curso, organízanse unhas xornadas de orientación dirixidas ao estudiantado de novo ingreso, nas que se lles ofrece información xeral sobre a universidade e sobre o centro e tamén información específica sobre cada titulación. Nestas xornadas participa o equipo decanal, a coordinadora do grao, persoal da biblioteca, persoal da Oficina de Relacións Internacionais e as/os titoras/es do Plano de Acción Titorial.

Existencia de procedementos documentados no MSGIC:

- Definición de perfís e captación de estudantes: PC03
- Selección, admisión e matriculación de estudantes: PC04
- Orientación ó estudante: PC05

PROPOSTAS DE MELLORA:

Solicitarlle á Universidade de Vigo que negocie coas instancias pertinentes para que a data das probas de acceso á universidade se traslade de setembro a xullo, en consonancia co calendario universitario.

Articular todas as accións de orientación nun futuro plan de promoción e captación de alumnado.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Criterio 5: Planificación das ensinanzas							
<i>Valorarase o criterio de “Planificación das ensinanzas” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de “Planificación da ensinanza”, “Garantía da calidade dos programas formativos” e “Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe” do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Valoración: B Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Consideramos que o grao de cumprimento da planificación das ensinanzas é suficiente en termos xerais, tendo en conta que a titulación só conta con dous cursos de implantación e as eivas do novo sistema se van corrixindo a medida que se van detectando.</p> <p>Algunhas materias contan cunha porcentaxe alta de alumnado que superou a materia (esta porcentaxe nalgúns casos supera o 90%), o cal indica unha correcta planificación das ensinanzas. Non obstante, obsérvase que noutras materias os resultados académicos non son enteiramente satisfactorios (alto índice de alumnado que non supera a materia, tratándose en moitos casos de alumnado non presentado). As reflexións levadas a cabo por parte do profesorado, coordinadora e Comisión de Calidade suxiren que os problemas están relacionados especialmente co novo sistema de avaliación continua que está resultando difícil de implantar, e estase traballando na dirección de solucionar esta cuestión, como se comenta nos epígrafes inferiores.</p> <p>Os programas de mobilidade son un punto forte deste título.. No segundo ano de implantación, 6 estudantes da Universidade de Vigo beneficiáronse dos programas de intercambio Erasmus. Para o terceiro ano, este número duplícase e 12 estudantes cursarán o terceiro ano do grao en universidades europeas. Igualmente, hai unha alta participación de alumnado Erasmus alleo que elixe o Grao en Linguas Estranxeiras para cursar un ano académico fóra da súa universidade de orixe. Con todo, o alumnado valora mal os programas de mobilidade do centro (3.50//2.38). Consideramos que esta percepción está totalmente desenfocada, xa que este centro é o que máis destinos ofrece de toda a Universidade de Vigo e o que diseña especificamente o plano formativo para favorecer a mobilidade do estudantado.</p> <p>Outro aspecto positivo é que a presencialidade do grao non é excesiva (32-33% das horas de traballo total do alumnado), o que permite que o alumnado dispoña de tempo suficiente para o estudo, a lectura e a realización dos traballos asignados. Nestes primeiros anos, o horario, ademais, está concentrado de luns a xoves para deixar máis tempo libre para o traballo personal. Non obstante, estase a levar a cabo unha reflexión sobre a conveniencia de estender o horario tamén aos venres, xa que se detecta unha certa desconexión do alumnado no día que teñen libre de aulas.</p> <p>As evidencias documentais que se manexan son fundamentalmente as enquisas de satisfacción, os informes elaborados polas titoras/es do Plano de Acción Titorial (PAT) e as enquisas de avaliación docente do profesorado.</p>							

A valoración xeral sobre a planificación do ensino varía dun ano a outro. Se en 2009 foi baixa ou moi baixa (proporción dos créditos coa carga de traballo (2.13), proporción entre carga teórica e práctica (3.50), desenvolvemento de coñecementos, habilidades e actitudes (2.00), avaliación (2.75), resolución de problemas (1.25), guías docentes completas (3.54), volume de traballo proporcional ós créditos das materias (3.56)), en 2010 aumenta o grao de satisfacción (proporción dos créditos coa carga de traballo (4.55), proporción entre carga teórica e práctica (4.25), desenvolvemento de coñecementos, habilidades e actitudes (3.65), avaliación (3.70), resolución de problemas (2.95), guías docentes completas (4.59), volume de traballo proporcional ós créditos das materias (4.42). Isto é debido a que o novo sistema se vai afianzando co tempo e funcionan mellor os mecanismos de coordinación. Non podemos deixar de comentar que, malia existiren problemas no primeiro curso de implantación do grao, as valoracións do alumnado son excesivamente baixas e non se corresponden cunha realidade non perfecta pero tampouco desastrosa.

A valoración que se fai do profesorado en 2009 e 2010 é relativamente boa pero precisa mellorar (prepara, organiza e estrutura ben as clases (3.90//4.43), resolve as dúbidas na clase (4.55//4.62), atende adecuadamente as titorías (3.79//3.96), favorece a participación do alumnado nas aulas (3.79//4.33). Porén, aválíase moi mal a coordinación entre o profesorado (2.25//3.05) e a utilización de recursos didácticos innovadores (2.36//3.41), feito que terá que levar a unha análise máis fonda destes aspectos para tentar melloralo. O profesorado tamén non avalía positivamente a coordinación entre o profesorado (2.83).

A coordinadora do grao vaise reunir co profesorado a partir de outubro de 2011 para coordinar mellor os aspectos relativos á planificación.

Os datos anteriores deben ser tomados con cautela polo feito de responder o alumnado ás enquisas nunha moi baixa proporción, como xa foi comentado.

A definición de módulos e materias do plano formativo deste título segue sendo coherente co establecido no RD 861/2010

Na memoria de verificación existe información sobre os mecanismos de coordinación.

Non se considerou necesario variar a estrutura dos módulos e materias por seren coherentes cos obxectivos e competencias.

A planificación temporal das ensinanzas está publicada na memoria do título.

O carácter e denominación das materias está publicado na memoria do título.

O sistema de avaliación axústase á normativa da Universidade de Vigo.

BOAS PRÁCTICAS:

Existe un protocolo elaborado pola Comisión de Calidade e aprobado pola Xunta de Centro para a revisión das guías docentes, que inclúe a revisión e validación por parte da coordinadora da titulación, o visto e prace do Departamento que ten asignada a docencia da materia e a aprobación final en Xunta de Facultade. A coordinadora da titulación revisa todas as guías docentes para comprobar que a planificación das ensinanzas se axusta ás directrices da memoria de verificación e ás normativas aprobadas pola Xunta de Centro e pola Universidade de Vigo, no referente á presencialidade e á carga de traballo de cada materia.

A Comisión de Calidade fai un seguimento constante do sistema de avaliación para analizar e resolver as incidencias que se van presentando. Solicitáronse informes á Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo para resolver algúns conflitos aparentes entre as distintas normativas vixentes (Estatutos e Regulamento de avaliación). Neste sentido, a Comisión de Calidade realizou unha revisión das recomendacións sobre a

avaliación que permita acomodar o alumnado que por motivos xustificados non pode realizar a avaliación continua, que é o sistema esixido pola normativa da Universidade de Vigo.

Realizouse unha enquisa interna entre o alumnado de 1º e de 2º para tentar determinar a demanda existente de portugués como 2º idioma estranxeiro.

O Plano de Acción Titorial realiza un seguimento do funcionamento da planificación das ensinanzas, o que permite diagnosticar e corrixir as posibles eivas.

Non se rexistraron incidencias na entrega de actas de cualificación do alumnado.

Non se rexistrou ningunha queixa sobre a carga de traballo das materias.

Existencia de procedementos documentados no MSGIC:

- Xestión e revisión da mobilidade dos estudantes enviados: PC08
- Xestión e revisión da mobilidade dos estudantes recibidos: PC09
- Avaliación das aprendizaxes: PC07
- Planificación e desenvolvemento do ensino: PC06

PROPOSTAS DE MELLORA:

Conseguir unha maior participación (arredor do 80%) tanto do alumnado coma do profesorado nas enquisas de satisfacción, por exemplo facilitando que se cubran durante o horario lectivo. Tamén se debe facilitar o acceso á plataforma virtual das enquisas ao alumnado Erasmus.

Continuar e incrementar o traballo de coordinación na planificación de actividades docentes para evitar a acumulación de tarefas en momentos concretos do curso.

Mellorar a coordinación entre o profesorado.

Sería conveniente que a Universidade de Vigo elaborase unha normativa de avaliación máis precisa para evitar ambigüidades con respecto á avaliación continua que poidan dar lugar a incidencias en relación ao alumnado repetidor ou ao alumnado que, por motivos xustificados, non pode asistir ás aulas con regularidade.

Conseguir unha maior participación do alumnado nas reunións do PAT, o cal pode requirir reconsiderar o sistema de funcionamento, reducindo o número de xuntanzas, elaborando cuestionarios de seguimento, etc. As modificacións aprobadas pola Xunta de centro en xullo de 2011 van neste sentido.

Estudar a posibilidade de que os horarios inclúan aulas de luns a venres (e non de luns a xoves como até o de agora), xa que se observa que o alumnado non aproveita o venres libre para realizar as tarefas correspondentes á carga de traballo persoal.

Continuar as xuntanzas coa Vicerreitoría para conseguir a implantación do portugués como segundo idioma estranxeiro, xa que as enquisas internas realizadas entre o alumnado de 1º e 2º durante o curso académico 2010-2011 amosan que existe unha demanda suficiente desta lingua.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Criterio 6: Recursos humanos							
<i>Valorarase o criterio de “Persoal académico” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de “Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Valoración: B</p> <p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>Consideramos que o grao de cumprimento deste criterio é suficiente en termos xerais. No que atinxe ao persoal académico, as previsións realizadas na memoria de verificación son correctas. No referente ao persoal administrativo, obsérvase que a nova estrutura, na que as titulacións dependen todas do centro, baleira de contido a secretaría administrativa do Departamento que reúne a docencia maioritaria no grao (Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá) ao tempo que satura a Secretaría do Centro.</p> <p>O MSGIC recolle un procedemento para avaliación, recoñecemento e incentivos do PDI e PAS (PA06)</p> <p>OMSGIC recolle un procedemento para a captación, selección e formación do PDI e PAS: PA05</p> <p>Segundo os datos que nos enviou a Área de Calidade, neste grao imparten docencia 8 titulares de Universidade, 1 titular de Escola Universitaria, 2 contratados doutores, 4 asociados, 1 axudante, 2 lectores e 6 contratados interinos de substitución. O número de quinquenios de docencia é 44, o que indica que a experiencia docente do conxunto é elevada. O número de sexenios é 11: todo o persoal estable ten polo menos 1 sexenio. Hai que analizar o feito de que haxa un número elevado de contratados interinos: este persoal está cubrindo docencia que posiblemente debera ser cuberta por outra figura de profesorado. Ademais, os procesos de contratación deste profesorado causan todos os anos problemas por resolvérense os concursos demasiado tarde.</p> <p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>Os departamentos fan un seguimento continuo sobre o cumprimento do POD a fin de detectar desviacións. Calquera cambio do POD documéntase e sométese á aprobación do Consello do Departamento correspondente. A Comisión de Calidade vailles solicitar aos departamentos un informe sobre a adecuación dos criterios de asignación da docencia.</p> <p>Existencia de procedementos documentados no MSGIC:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Captación, selección e formación do PDI e PAS: PA05 - Avaliación, recoñecemento e incentivos do PDI e PAS: PA06 - Política do PDI e PAS: PE02 <p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p>							

Solicítalle á Universidade de Vigo que substitúa o profesorado asociado por outro tipo de figuras con maior vinculación á universidade, xa que se observa que o profesorado asociado non se implica na docencia na medida que esixe o novo sistema (escasa dispoñibilidade para o alumnado, falta de implicación nos procesos de xestión da docencia, etc).

Cumpriría que a Universidade de Vigo incentivase a participación do profesorado en cursos de anovamento pedagóxico, recoñecendo, por exemplo, os cursos de formación de profesorado organizados pola propia Universidade na Valoración da Actividade Docente.

Completar a información que na páxina web do centro se dá sobre o profesorado.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Cómpre actualizar na memoria os datos do cadro de persoal tanto do grao coma do centro.	Dende a elaboración da memoria de verificación houbo novas incorporacións de persoal docente á docencia do grao e, nalgúns casos, o persoal xa recollido na memoria cambiou de categoría profesional e/ou incrementou os seus sexenios e quinquenios.

Criterio 7: Recursos materiais e servizos							
<i>Valorarase o criterio de “Recursos materiais e servizos” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de “Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Valoración: A</p> <p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>A Facultade de Filoloxía e Tradución posúe as instalacións convenientes para un bo desenvolvemento da docencia. Todos os anos o Decanato destina parte do orzamento da Facultade a mellorar as instalacións, tanto coa adquisición de novos recursos coma co mantemento dos existentes. Existen procedementos no SGIC que regulan a adquisición e distribución dos recursos materiais.</p> <p>O alumnado mostra un nivel de satisfacción relativamente alto con respecto ós espazos de traballo (5.50//4.85), aínda que máis baixo con respecto á dotación da biblioteca e ás plataformas de teledocencia (4.25//3.70). Os recursos deben ser sempre mellorados, independentemente da valoración que fagan deles os usuarios. No que atinxe ás plataformas de teledocencia e recursos didácticos en xeral deberá facerse uns esforzo para que o profesorado os utilice máis e aproveite as vantaxes que poden ter na impartición da docencia.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>Existencia no MSGIC de procedementos documentados sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xestión dos recursos materiais: PA07 - Xestión dos servizos: PA08 							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>Mellorar o mantemento dos laboratorios e aulas de informática.</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

Criterio 8: Resultados previstos

Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.

Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

Valoración: B

Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:

Este ano 2011 foi o primeiro en que se fai unha avaliación dos indicadores máis relevantes e dos resultados de avaliación, que aparecen a seguir. O procedemento PC12 do MSGIC está deseñado para esta avaliación. Non se considerou necesaria a definición de novos indicadores á parte dos xa previstos (eficiencia, rendemento, abandono, graduación).

Tamén neste ano se comeza a analizar dun xeito sistemático os resultados da avaliación en cada título.

	2009-10	2010-11
Taxa de éxito	74,10	77,80
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	40,00	40,00
Taxa de rendemento	64,08	62,61
Ratio de prazas demandadas ofertadas	Sen datos	Sen datos
Estudantes preinscritos sobre prazas ofertadas	Sen datos	Sen datos
Nota media de acceso	6,25	7,77
Variación da matrícula de novo ingreso no 1º curso respecto ó curso anterior	Non procede	-2,00

A media de acceso é relativamente alta. Ademais, houbo un incremento notable dun ano a outro.

A variación de matrícula (-2 en 2010) non implica unha hipotética baixada do interese no título, xa que en 2009 se permitiu a matrícula a 47 estudantes por riba dos 40 iniciais da cota establecida na memoria.

Aínda que os datos que temos sobre resultados académicos están incompletos, podemos indicar que un 65,93% do alumnado matriculado aprobou as materias. Esta porcentaxe é relativamente baixa, feito que obrigará a analizar as causas do relativo fracaso materia por materia.

BOAS PRÁCTICAS:

Existencia no MSGIC de procedementos documentados sobre:

- Análise e medición de resultados académicos: PC12

PROPOSTAS DE MELLORA:	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Criterio 9: Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de “Sistema de garantía de calidade” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Valoración: C</p> <p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>A Facultade presentou un SGIC que foi validado pola ACSUG. Este sistema pretende regulamentar o seguimento das accións relacionadas co control da calidade no centro. A Área de Calidade da UVigo forneceunos dunha aplicación informática para xestionar esta información. Malia entendermos que o control da calidade é fundamental para a xestión das actividades da Facultade, temos que recoñecer os seguintes problemas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. En xeral, non se conseguiu nos 15 meses que levamos co sistema aprobado que o conxunto do PDI, PAS e alumnado entendese o concepto de “calidade” e o mesmo sistema como un apoio relevante para a mellora da calidade do ensino e da aprendizaxe. Séguese a opinar que a “calidade” é outra cousa, algo afastado do que se pretende implantar. 2. A opinión devandita poida que estea motivada polas seguintes razóns: <ol style="list-style-type: none"> a. Non se deseñou unha política clara para explicar as vantaxes do sistema de garantía de calidade. O coordinador de calidade debería facer máis esforzos en presentarlle ó conxunto dos colectivos implicados os detalles do sistema. b. Enténdese que a implantación do SGIC aumenta dunha maneira moi clara a burocracia. Isto é certo. Deberíanse simplificar os procedementos e facer que fosen máis doados. A aplicación informática deseñada para a xestión do sistema non contribúe ó anterior e acaba dificultando, dalgún xeito, a implantación das accións de calidade. 3. O SGIC funciona como algo paralelo, non suficientemente integrado na vida diaria da Facultade, feito que motiva que moitas das accións de calidade que se desenvolven no centro non queden reflectidas na aplicación e desligadas do concepto de calidade ó que realmente pertencen e do cal derivan. Daquela, hai que concluír que non se utilizan suficientemente os procedementos do SGIC, feito que leva a pensar que quizais deberían ser reformados no sentido de seren simplificados. Como dixemos, realízanse accións derivadas directamente do concepto de calidade, na análise dos resultados académicos, da calidade do ensino, da avaliación sobre a actividade docente do profesorado, sobre os programas de mobilidade e sobre a satisfacción do alumnado, sen asocialo directamente ó SGIC. 4. O SGIC queda cinguido ó equipo decanal, á Comisión de Calidade é ós coordinadores dos títulos. <p>A Comisión de Calidade do Centro, cuxo regulamento foi aprobado en decembro de 2010 cunha nova composición (véxase o regulamento na páxina web da Facultade, información sobre o seguimento), é o órgano colexiado responsable do seguimento da calidade. O feito de estar composta polos coordinadores do título garante unha avaliación continua das incidencias en cada grao e posgrao. Porén, malia teren un posto na comisión, non se conseguiu a implicación do PAS e do alumnado.</p>							

BOAS PRÁCTICAS: Existencia dunha aplicación informática para o rexistro das probas documentais asociadas ós procedementos definidos no MSGIC. Implantación, aínda non completada, do MSGIC, a través da aplicación antedita.	
PROPOSTAS DE MELLORA: Facer que MSGIC se converta nunha ferramenta de uso cotián na FAC. Simplificar o MSGIC. Mellorar a aplicación informática. Implicación de máis colectivos. Conseguir a participación de PAS e alumnado na Comisión de Calidade.	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

Criterio 10: Calendario de implantación							
<i>Valorarase o criterio de “Calendario de implantación” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Valoración: A</p> <p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>A implantación do título realizouse sen ningún problema en 2009. Non se prevén modificacións no calendario de implantación dos graos. Os procedementos para o recoñecemento e adaptación do estudantado son os correctos e non causan ningún problema. A titulación de Filoloxía Inglesa que se extingue segue mantendo plena vixencia (cursos 4º 5º).</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS: Non proceden</p>							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA: Non proceden</p>							
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS			

3.3.- Acceso á información pública dos plans de mellora.

O deseño dun plan de mellora ten como obxectivo a mellora continua da calidade do título e do Sistema de Garantía Interna da Calidade. O devandito plan incentiva as modificacións requiridas nos diferentes procesos, para que as universidades impulsen e desenvolvan políticas e mecanismos de mellora continua. No caso no que exista información restrinxida nos plans de mellora, deberá facerse público un resumo dos mesmos coa información relevante para todos os grupos de interese. Para facilitar a elaboración dos plans de mellora, incorpórase a ficha seguinte, aínda que se pode utilizar calquera outro formato establecido polo SGIC. A táboa que se inclúe despois facilita o seguimento do plan de melloras completo.

CRITERIO:.....	
DENOMINACIÓN DA PROPOSTA	
Punto débil detectado	
Ámbito de aplicación	
Responsable da súa aplicación	
Obxectivos específicos	
Actuacións que se desenvolverán	
Período de execución	
Recursos/financiamento	
Responsable do seguimento	
Indicadores de execución	
OBSERVACIÓNS	
CUMPLIMENTAR SÓ SE FOI EXECUTADA (TOTAL OU PARCIALMENTE)	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctivas que se desenvolverán	

4.- Accións realizadas ante as recomendacións establecidas no informe final de verificación e nos sucesivos informes de seguimento.

Inclúense neste Informe de seguimento, aquelas accións realizadas polo título en relación ao informe final de verificación e aos informes sucesivos de seguimento. Este apartado da resposta á necesidade de revisar, ao longo do proceso de seguimento, aqueles aspectos que figuran, no informe final de verificación, como obxecto de especial revisión. A finalidade é comprobar que o título garante o especificado na memoria presentada para a verificación.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN				
Recomendacións establecidas no informe final	ACCIÓNS REALIZADAS			
	ACCIÓN	DATAS	RESPONSABLE	ESTADO
Débesse explicita-lo procedemento xeral por parte da universidade que permita valorar o progreso e os resultados da aprendizaxe dos estudantes (probas externas, traballos fin de titulación, etc.).	A Comisión de Calidade do centro fará unha proposta de regulamento do TFC para todos os graos.	Novembro, decembro 2011	Comisión de Calidade	

INFORME DE SEGUIMENTO				ANO:
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	ACCIÓNS REALIZADAS			
	ACCIÓN	DATAS	RESPONSABLE	ESTADO

INFORME DE SEGUIMENTO				ANO:
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	ACCIÓNS REALIZADAS			
	ACCIÓN	DATAS	RESPONSABLE	ESTADO